

PROGRAMA “TEÑO QUE DECIDIRME”

O mundo dos estudos

A FORMACIÓN PROFESIONAL

A F.P. específica comprende un conxunto de Ciclos Formativos que se organizan en Módulos Profesionais , de formación teórico-práctica e cunha duración que estará en función da natureza da competencia profesional característica do título correspondente.

A finalidade da F.P. é a preparación dos alumnos para a actividade nun campo profesional e a súa capacitación para o desenvolvemento cualificado das diferentes profesións, proporcionándolles unha formación polivalente que lles permita adaptarse ás modificacións laborais que se poidan producir ao longo da súas vidas.

O obxectivo da nova F.P. oríentase non só cara á adquisición de coñecementos, senón, sobre todo, á adquisición de competencias profesionais (coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes adquiridos a través de formación ou experiencia laboral) que permitan desempeñar e realizar os roles e situacións de traballo requiridos no emprego.

As ensinanzas da F.P. conducen a un título con validez académica e profesional . Ordénanse en Ciclos Formativos de Grao Medio e de Grao Superior.

F.P. ESPECÍFICA DE GRAO MEDIO

Condicións de acceso

Para poder cursar estudos de Ciclos Formativos de Grao Medio, o alumnado debe posuír o título de Graduado en Educación Secundaria. Pode tamén acceder aos Ciclos Formativos de Grao Medio mediante unha proba , sempre que teña un mínimo de 17 anos

Tamén acceden á FP de Grao medio os alumnos que cursaran satisfactoriamente a Formación Profesional Básica.

Duración dos ciclos

A duración destes ciclos é de 2.000 horas de formación , que se reparten entre o centro educativo e o centro de traballo.

Titulación acadada

A titulación que o alumno/a obtén trala superación do Ciclo Formativo de Grao Medio é a de TÉCNICO, así como un certificado de prevención de riscos laborais de nivel básico. Dita titulación ten equiparación a nivel europeo.

PROGRAMA "TEÑO QUE DECIDIRME"

O mundo dos estudos

F.P. ESPECÍFICA DE GRAO SUPERIOR

Condicións de acceso

Para cursar os Ciclos Formativos de Grao Superior requírese posuír o título de bacharelato ou o título de formación profesional de grao medio.

As persoas que non reúnan dito requisito e teñan 19 anos ou os cumpran no ano de realización da proba, poden acceder mediante unha proba. A proba consta de dúas partes, unha parte común (L. Castelá, Lingua Galega e Matemáticas), e outra de carácter específico, con tres opcións, segundo o ciclo que se queira cursar. Os titulados en FP de Grao Medio (con 18 anos) quedan exentos da parte específica.

Duración dos ciclos

A duración é de 2.000 horas, repartidas entre o centro educativo e o centro de traballo.

Titulación acadada

A titulación acadada é a de TÉCNICO SUPERIOR, coa que se pode acceder ao mundo laboral ou directamente a estudos universitarios relacionados coa profesión estudada. Dita titulación ten equiparación a nivel europeo.

PROGRAMA "TEÑO QUE DECIDIRME"

O mundo dos estudos

OUTRAS ENSINANZAS

A EDUCACIÓN PERMANENTE DE ADULTOS (E.S.A.)

Poden cursar a educación secundaria para persoas adultas (nivel III) os maiores de 18 anos, sen ningunha titulacións, que desexen obter o título de Graduado en ESO e excepcionalmente maiores de 16 anos que cumpran algunha destas condicións :

- Ter un contrato laboral que lles impida asistir ás clases do réxime ordinario
- Ser deportistas de alto rendemento.
- Que existan causas excepcionais que lle impidan asistir ao réxime ordinario.

Estas ensinanzas son equivalentes ás da ESO en réxime ordinario. Organízanse en ámbitos de coñecementos : Ámbito de Comunicación, Ámbito de Sociedade e Ámbito Científico- Tecnolóxico.

Cada un deles organízase en catro módulos de duración cuadrimestral.

- Módulos 1 e 2 equivalentes a 1º e 2º da ESO
- Módulos 3 e 4 equivalente a 3º e 4º da ESO

Os módulos 1 e 3 desenvolveranse de setembro a xaneiro e os módulos 2 e 4 de febreiro a xuño.

Dependendo dos estudos previos que realizara a persoa interesada, poden cursarse en dous ou nun curso escolar.

PROGRAMA "TEÑO QUE DECIDIRME"

O mundo dos estudos

ENSINANZAS ARTÍSTICAS

Proporcionan ao alumnado unha formación acorde co nivel de expresión artística propio dunha ensinanza especializada. A súa meta é o exercicio profesional. Inclúen a música, a danza, a arte dramática e as artes plásticas e o deseño

1.- MÚSICA

As ensanzas regradas de música conducentes a titulacións oficiais pódense cursar exclusivamente en conservatorios de música. Divídense en 3 graos : elemental (1 ciclo, 4 anos), medio (3 ciclos de 2 anos de duración cada un deles), superior (1 ciclo de 4 ou 5 anos segundo a especialidade escollida). Os alumnos que superen este grao (o superior) teñen dereito ao título superior, equivalente a todos os efectos ao título de licenciado universitario.

Accédese ao grao superior de música se se reúnen os seguintes requisitos :

- 1.- Estar en posesión do título de bacharel
- 2.- Ter superados os estudos correspondentes ao 3º ciclo de grao medio de música
- 3.- Superar a proba ordinaria específica para cada especialidade

Tamén pode accederse sen estar en posesión dos requisitos académicos a través dunha proba extraordinaria

2.- DANZA

As ensanzas regradas de danza conducentes a titulacións oficiais pódense cursar exclusivamente en conservatorios de danza. Divídense en 3 graos : elemental, medio e superior.

O ciclo de grao superior de danza divídese nas especialidades de Coreografía da danza e Pedagogía da danza. A finalidade do grao superior é proporcionar aos profesionais da danza unha formación que lles permita continuar neste eido cando as súas condicións físicas, por mor da idade, no lles permita danzar. Os alumnos que superen estes estudos teñen dereito ao título superior, equivalente a todos os efectos ao título de licenciado universitario.

Accédese ao grao superior de danza se se reúnen os seguintes requisitos :

- 1.- Estar en posesión do título de bacharel
- 2.- Ter superados os estudos correspondentes ao 3º ciclo de grao medio de danza
- 3.- Superar a proba ordinaria específica para cada especialidade

Tamén pode accederse sen estar en posesión dos requisitos académicos a través dunha proba extraordinaria

PROGRAMA “TEÑO QUE DECIDIRME”

O mundo dos estudos

3.- ENSINANZAS SUPERIORES DE ARTE DRAMÁTICA

As ensinanzas de arte dramática comprenden un único ciclo de grao superior de 4 cursos, cunha titulación final equivalente, para todos os efectos, á de grao universitario. Estrutúranse nas especialidades de:

- DIRECCIÓN DE ESCENA E DRAMATURXIA

- Titulación superior en Dirección de Escena
- Titulación Superior en Dramaturxia

- INTERPRETACIÓN

- Titulación Superior en Interpretación textual

Para acceder a estes estudos é necesario estar en posesión do título de bacharel e superar unha proba específica ordinaria, ou unha extraordinaria se o aspirante non posúe dito título (a partir dos 20 anos). A Escola Superior de Arte Dramática de Galicia atópase en Vigo.

4.- ENSINANZAS PROFESIONAIS DE ARTES PLÁSTICAS E DISEÑO

As ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño organízanse en familias ás que poden pertencer tanto os ciclos formativos de grao medio como superior organizados en dous anos académicos, estruturados en módulos pertencentes a diferentes áreas de coñecementos de carácter teórico, teórico – práctico e práctico en función dos diferentes campos profesionais.

PROGRAMA “TEÑO QUE DECIDIRME”

O mundo dos estudos

Oferta educativa ensinanzas profesionais artes plásticas e deseño

Centro	Ensinanza
Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso A CORUÑA	ARTES APLICADAS Á ESCULTURA • GM Dourado e policromía artísticos • GS Artes aplicadas da escultura CERÁMICA ARTÍSTICA • Oferta modular: taller cerámico I e II DESEÑO GRÁFICO • GS Fotografía • GS Ilustración
Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo SANTIAGO	ARTES APLICADAS Á ESCULTURA • GS Artes aplicadas da escultura DESEÑO GRÁFICO • GS Fotografía XOIARÍA ARTÍSTICA • GS Xoiaría artística • Oferta modular taller de xoiaría I e II DESEÑO DE INTERIORES • GS Arquitectura efémera
Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón LUGO	ARTES APLICADAS AO LIBRO • GM Serigrafía artística • GS Gravado e técnicas de estampación CERÁMICA ARTÍSTICA • GS Cerámica artística DESEÑO GRÁFICO • GS Fotografía
Escola de Arte e Superior de Deseño Antonio Faílde OURENSE	ARTES APLICADAS Á ESCULTURA • GM Ebanistería artística DESEÑO GRÁFICO • GS Fotografía • GS Ilustración

PROGRAMA "TEÑO QUE DECIDIRME"

O mundo dos estudos

5.- ENSINANZAS DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS

Son estudos superiores encamiñados á formación de profesionais no mundo da restauración e da conservación. En Galicia impártense só na Escola Superior de Pontevedra nas seguintes especialidades:

- Arqueoloxía
- Escultura
- Pintura

A duración dos estudos é de 4 anos. A titulación que se obtén é equivalente, para todos os efectos, a un grao universitario.

Poden acceder directamente a estes estudos os alumnos que teñan o título de técnico superior de artes plásticas e deseño.

Poden acceder mediante unha proba específica os alumnos que teñan o título de bacharel

6.- ENSINANZAS SUPERIORES DE DESEÑO

Están encamiñados á formación de profesionais no mundo do deseño nas especialidades de:

- Moda
- Interiores
- Productos
- Deseño gráfico.

Os plans de estudos comprenden 4 cursos académicos. O título ten carácter oficial e validez académica e profesional en todo o territorio nacional, e é equivalente a todos os efectos ao título universitario de **Grao**.

Centro	Ensinanza
Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso A CORUÑA	• Deseño de Interiores • Deseño Gráfico
Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo SANTIAGO	• Deseño de moda • Deseño de produtos
Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón LUGO	• Deseño de Interiores • Deseño gráfico
Escola de Arte e Superior de Deseño Antonio Faílde OURENSE	• Deseño de Interiores • Deseño gráfico

PROGRAMA “TEÑO QUE DECIDIRME”

O mundo dos estudos

ENSINANZAS TÉCNICO – DEPORTIVAS

Teñen por finalidade a formación de adestradores, monitores e técnicos dunha especialidade deportiva. Artículanse en dous graos :

- Grao medio . Conduce á obtención do título de Técnico Deportivo. Organízase en 2 niveis cunha duración de 950 a 1.100 horas dependendo da especialidade deportiva. Para acceder ao grao medio destas ensinanzas é preciso estar en posesión do título de Graduado en ESO e superar unha proba de carácter específico . Os aspirantes que non posúan dito título deberán superar unha proba de madurez e unha específica (a partir dos 18 anos)
- Grao superior. Conduce á obtención do título de Técnico Deportivo Superior. Comprende un único nivel cunha duración de 750 a 1.100 horas dependendo da especialidade deportiva. Para acceder ao grao superior é preciso estar en posesión do título de Técnico Deportivo da especialidade deportiva correspondente ou estar en posesión do título de Bacharelato e superar unha proba de carácter específico. Os aspirantes que non posúan dito título deberán superar unha proba de madurez e unha específica (a partir dos 20 anos)

TÍTULOS DAS ENSINANZAS TÉCNICO – DEPORTIVAS

Técnico deportivo	Técnico deportivo superior
Esquí Alpino	Esquí Alpino
Esquí de Fondo	Esquí de Fondo
Snowboard	Snowboard
Fútbol	Fútbol
Fútbol sala	Fútbol sala
Atletismo	Atletismo
Baloncesto	Baloncesto
Balonmán	Balonmán
Disciplinas Hípicas de Salto, Doma e Concurso Completo	
Disciplina Hípicas de Resistencia, Orientación e Turismo Ecuestre	
Salvamento e Socorrismo	
Mergullo Deportivo con Escafandro autónomo	Mergullo Deportivo con Escafandro autónomo
Vela con Aparello fixo	
Vela con Aparello libre	
Judo e Defensa Persoal	

PROGRAMA "TEÑO QUE DECIDIRME"
O mundo dos estudos